

IGADIPaper é un medio de análise e información do IGADI que aspira a afondar de forma equilibrada e sintética nalgún conflito, acontecemento ou tendencia internacional de relevancia e actualidade”.

CENTROAMÉRICA TRALAS ELECCIÓN EN NICARAGUA E GUATEMALA

a) **Introdución**

b) **Nicaragua: a hexemonía do FSLN**

c) **A “dereitización” de Guatemala**

a) *Introdución*

O pasado domingo 6 de novembro realizáronse eleccións presidenciais en Nicaragua e Guatemala, con resultados políticos disímiles en canto ao perfil ideolóxico e político. Tras unha forte polémica xudicial e constitucional pola súa postulación como candidato presidencial así como críticas dende diversos sectores sobre presuntas irregularidades electorais, en Nicaragua foi reelixido o actual presidente **Daniel Ortega**, da Fronte Sandinista de Liberación Nacional (FSLN), con case o 63% dos votos, o cal consolida a este partido, de orientación de esquerdas, como a formación política hexemónica deste país centroamericano para o período 2012-2017.

Por outra banda, e tras celebrarse unha segunda volta electoral, Guatemala elixiu como novo presidente ao ex xeneral **Otto Pérez Molina**, do dereitista Partido Patriota, cun 53% dos votos para o período 2012-2016. O traspaso de poder guatemalteco permitirá a Pérez Molina substituír ao actual presidente socialdemócrata **Álvaro Colom**. Mentres Nicaragua consolidou a hexemonía política da esquerda personificada en Ortega e o FSLN, a “dereitización” de Guatemala é un proceso evidente tanto na vitoria de Pérez Molina como na consolidación como líder opositor do seu rival electoral, o empresario **Manuel Baldizón**, do partido Liberdade

b) *Nicaragua: a hexemonía do FSLN*

O actual presidente Daniel Ortega e a Fronte Sandinista de Liberación Nacional (FSLN) consolidaron a súa hexemonía política en Nicaragua, ao obter a reelección presidencial o pasado domingo 6 de novembro, con aproximadamente o 63% dos votos que, segundo estimacións do Consello Supremo Electoral (CSE) e doutros organismos e medios de comunicación, lle outorgarían a maioría absoluta parlamentaria con máis de 60 dos 92 deputados no poder lexislativo.

Non obstante, esta incontestable hexemonía do FSLN, que traza un mapa político menos atomizado de cara ao período presidencial 2012-2017, non está exento de polémicas e acusacións de presunto fraude desde diversos sectores. Se ben avaliaron a “madurez democrática” do proceso electoral, a Organización de

Democrática Renovada (LÍDER).

A pesar das diverxencia de orientación política e ideolóxica, Nicaragua e Guatemala confrontan problemas comúns e posicións levemente similares de cara aos procesos de integración e cooperación rexional. Os elevados índices de pobreza, a proliferación do crime organizado e do narcotráfico como vías de ruta cara outros mercados como EE.UU, fan de Nicaragua e Guatemala países estratéxicos e prioritarios para a axuda internacional e da cooperación antidrogas, neste caso por parte de Washington.

Do mesmo xeito, ambos países están inseridos dentro da área de libre comercio impulsada por EE.UU, aínda que no caso nicaraguano resulta decisivo o peso e influencia do eixe da Alternativa Bolivariana para os Pobos da Nosa América (ALBA). Así mesmo, e sen esquecer a importancia da relación con Washington, tanto Ortega como o novo presidente guatemalteco Pérez Molina observan a China como un socio comercial clave para os seus respectivos países. Outro factor de coincidencia estriba en que Pérez Molina será o primeiro ex xeneral en América Latina en converterse en presidente elixido democraticamente, mentres Ortega é o primeiro ex guerrilleiro que obtén democraticamente a presidencia en tres eleccións presidenciais (1984, 2006 e 2011).

Estados Americanos (OEA) e a Unión Europea (UE) argumentaron algunhas irregularidades en diversos distritos electorais do rural nicaraguano, incluso denunciando que as autoridades electorais non lles permitiron ingresar observadores no 20% dos centros electorais totais a nivel nacional. O rival electoral de Ortega, **Fabio Gadea**, do Partido Liberal Independente (PLI), e outras agrupacións, non recoñecen a vitoria de Ortega.

A polarización do clima político nicaraguano intensificouse desde 2008, cando Ortega trazou unha estratexia política dentro do CSE e a Corte Suprema de Xustiza (CSX) orientada a posibilitar legalmente a súa candidatura presidencial no 2011, cando constitucionalmente estaba imposibilitado

para presentarse a un novo período presidencial. Os sectores opositores acusan ao CSE e á CSX de estar integrados por membros e simpatizantes do FSLN, os cales presuntamente legalizarían esa nova candidatura de Ortega.

Polémicas aparte, Nicaragua abre un novo compás político coa reelección de Ortega e do FSLN. O país centroamericano é membro da ALBA desde 2007, o cal lle permite recibir fondos financeiros calculados anualmente en US\$ 500 millóns, segundo cifras do Banco Central de Nicaragua. Estes fondos lle permiten ao goberno nicaraguano levar adiante diversos programas sociais de carácter sanitario, desenvolvemento rural e construción de infraestruturas. Ideoloxicamente crítico coa política internacional de EE.UU, Ortega mantén un aliñamento político e estratéxico co goberno de Venezuela e o eixe da ALBA, así como mantén fluídas relacións comerciais e incluso militares con Rusia e Irán. Non obstante, segue mantendo o recoñecemento diplomático de Taiwán en detrimento da República Popular China

O clima de tensión con Washington pode intensificarse ante o ata agora silencio do goberno de **Barack Obama** á hora de recoñecer a reelección de Ortega e as demandas no Congreso estadounidense da lexisladora republicana de orixe cubano-americana **Ileana Ros-Lethinen**, de instar á Casa Branca a non recoñecer ao novo goberno do FSLN, argumentando un presunto fraude electoral. Tralas eleccións municipais de 2008, Washington e diversos gobernos europeos, especialmente Suecia, Dinamarca e Noruega, cancelaron as súas axudas en cooperación ao desenvolvemento con Nicaragua, argumentando un presunto fraude electoral cometido polo FSLN.

c) A “dereitización” de Guatemala

Mentres a esquerda se consolida en Nicaragua, outro país centroamericano, Guatemala, elixiu un novo presidente, neste caso proveniente do sector militar, na figura de Otto Pérez Molina, líder do dereitista Partido Patriota (PP). Este aspecto é sumamente relevante tendo en conta que Guatemala sufriu un prolongado conflito armado entre 1960 e 1996, que deixou máis de 200.000 mortos e desaparecidos.

Desde o seu retorno ao poder en 2006, Ortega tamén promoveu unha relación pragmática e realista con Washington. Nicaragua forma parte do Sistema de Integración Centroamericano e conserva un Tratado de Libre Comercio (TLC) con EE.UU, aspectos que igualmente lle permitiron nos últimos anos observar un relevante crecemento económico e de taxas de investimentos externos.

A pesar das tensións bilaterais diplomáticas (que recentemente se intensificaron coas críticas de Ortega polos asasinatos do ex líder libio **Muammar al Gaddafi** e de **Alfonso Cano**, líder da guerrilla das Forzas Armadas Revolucionarias de Colombia (FARC), o presidente nicaraguano concretou con Washington importantes acordos de cooperación antidrogas e de combate á inmigración ilegal e o crime organizado, así como aplicou internamente políticas de carácter conservador como a penalización do aborto.

No seu próximo período presidencial ata 2017, Ortega moi probablemente deberá equilibrar unha axenda política non exenta de fortes presións internas e externas. É posible unha maior polarización política no plano interno, ante as constantes críticas dos sectores opositores, secundadas por Washington e outros organismos internacionais, sobre o “deterioro da democracia nicaraguana” ante unha presunta deriva autoritaria “populista e clientelar” por parte de Ortega e do FSLN, en especial ante a súa sintonía co mandatario venezolano **Hugo Chávez**. No entanto, o pragmatismo realista pode igualmente persuadir a Ortega a manter un canal de relación fluído e constante con Washington, especialmente ante a preservación do TLC e dos acordos de cooperación antidrogas e contra o crime organizado.

Egresado da polémica Escola das Américas, Pérez Molina foi director de intelixencia durante a ditadura militar guatemalteca que durou ata 1986, sendo acusado de perpetrar torturas e matanzas contra opositores, membros da guerrilla esquerdista e a poboación indíxena, que representa aproximadamente o 45% da poboación guatemalteca. En 1983, o entón oficial do Exército Pérez Molina apoiou un golpe

militar contra o xeneral e presidente **Efraín Ríos Montt**.

A vitoria electoral de Pérez Molina na segunda volta presidencial do pasado 6 de novembro confirma unha marcada orientación “dereitista” na política guatemalteca, un país considerado entre os mais violentos a nivel mundial, segundo unha recente enquisa da Declaración de Xenebra sobre Violencia Armada e Desenvolvemento, que sitúa ao país centroamericano entre os seis primeiros dunha lista de 14 países cualificados entre os de maior índice de delincuencia e violencia cidadá no mundo. A debilidade institucional e o peso do narcotráfico e do crime organizado constantemente planean sobre Guatemala e a súa consideración como “Estado fracasado”.

Cunha taxa de homicidios de 40 por cada 10.000 habitantes, en Guatemala operan poderosas mafias e organizacións de crime organizado e narcotráfico, tales como a “Mara Salvatrucha” e o cartel mexicano da droga “Os Zetas”, que participan no tráfico humano e de drogas cara EE.UU, tendo en conta a proximidade fronteiriza guatemalteca con México.

O programa electoral de Pérez Molina baseouse na concreción de fortes medidas de seguridade nacional como aspecto prioritario da súa xestión, a través dun plan de “man dura” contra a delincuencia e as mafias. Tanto Pérez Molina como o seu rival electoral Manuel Baldizón apoian a legalización da pena capital, asegurando non ter vontade algunha de rastrear no polémico pasado da ditadura militar guatemalteca no relativo ás violacións de dereitos humanos durante a guerra civil.

Guatemala presenta graves problemas de desnutrición infantil, elevado desemprego, desigualdade socioeconómica e unha pobreza xeral que afecta a máis do 50% da súa poboación, onde un 17% vive con menos dun dólar ao día, segundo datos do PNUD. Os programas de asistencia social así como a necesaria reforma agraria (un 2% da poboación guatemalteca conserva o 65% da tenencia da terra cultivable) foron drasticamente reducidos e paralizados durante a xestión do actual presidente socialdemócrata Álvaro Colom, unha tendencia que seguramente se reproducirá durante o mandato de Pérez Molina en aras de preservar a política

de “man dura” e de seguridade nacional, a través dunha ampliación orzamentaria e de persoal cara os organismos de seguridade estatais.

Paralelamente, a corrupción administrativa e a infiltración das mafias e do narcotráfico no tecido político, económico e institucional guatemalteco constitúen unha problemática dificilmente superable nos próximos anos. A xestión presidencial de Colom estivo moi fortemente determinada por este problema, incluíndo un confuso caso de asasinato con pretensións golpistas. Ao mesmo tempo, os intentos de Colom de preservar o seu poder a través da polémica candidatura da súa ex esposa **Sandra Torres**, finalmente vetados polo Tribunal Supremo, evidenciaron esta loita de grupos de poder dentro do aparato político, administrativo e institucional guatemalteco.

Se ben a orientación “dereitista” de Pérez Molina achegará estreitamente a Guatemala cara a axenda hemisférica de Washington, o próximo presidente guatemalteco igualmente anunciou unha aproximación cara China como socio comercial prioritario (oficialmente recoñece a Taiwán). Ao mesmo tempo, a necesidade de concretar políticas de cooperación antidrogas e de combate contra a delincuencia fomentará igualmente un maior nivel de cooperación no contexto centroamericano.

Non obstante, a crise económica será un serio desafío para o goberno de Pérez Molina: os compromisos de débeda pública representan o 25% do PIB guatemalteco. Un aspecto que moi probablemente propiciará un draconiano programa de axuste fiscal, coa consecuente redución dos urxentes programas sociais. Para iso, Pérez Molina deberá concretar diversas alianzas parlamentarias que porán a proba a consistencia do seu goberno.

Pero o retorno dun militar á presidencia en Guatemala e a reelección dun ex guerrilleiro na presidencia nicaraguana é observado por diversos analistas como un retroceso da democracia en Centroamérica, así como un arriscado “retorno ao pasado” que evidencia a insatisfacción cidadá ante a alternativas de novos liderados políticos. Cun cariz político e ideolóxico máis pragmático, as presidencias de Ortega e Pérez Molina deberán calibrar estes retos democráticos nunha rexión sacudida pola pobreza e a violencia cidadá.

IGADI, 9 de novembro de 2011